

Obxecto:	Informe do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e o Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico Rodeira
Localización:	Vila de Cruces e Lalín (Pontevedra)
Promotor:	Green Capital Power, S.L.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
S/clave:	IN408A 2019/04
Data rexistro:	23.06.2022
Expediente:	03.I.589.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3002/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 23.06.2022 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos titulados "*Estudo de Impacto Ambiental. Parque eólico Rodeira. Agosto 2021*" e "*Proxecto sectorial. Parque eólico Rodeira. Abril 2021*", nos termos municipais de Vila de Cruces e Lalín (Pontevedra).

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópase nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- "*Documento de inicio. Parque eólico Rodeira. Marzo 2020*" informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 11.06.2020, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria. No dito informe solicitábase, entre outras consideracións, a modificación da localización do aeroxerador RO4 e as súas infraestruturas asociadas por afectar a contornos de protección arqueolóxica, así como unha análise de afección visual do proxecto desde o BIC Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro (Silleda) e a igrexa e poboado mineiro de Fontao (Vila de Cruces).
- 06/08/2020 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención da prospección Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Rodeira baixo a dirección do arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar da empresa Z Arqueoloxía S.L., de acordo co proxecto de intervención presentado pola empresa Resolve Enerxía, S.L. en agosto de 2021. Con código CT 102A 2020/557-0.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* (DOG núm. 242, do 01.12.2020)



Análise dos documentos:

Estudo de impacto ambiental (EIA)

- Segundo a documentación remitida, o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 22 MW, composto de 4 aeroxeradores modelo General Electric GE 158/5.5 ou similar, cunha potencia unitaria nominal de 5,5 MW, 161 m de altura de buxa e 158 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora SET Rodeira 30/132 kV, edificio de control, torre meteorolóxica de 161 m de altura e instalacións auxiliares.
- A enerxía xerada polo parque eólico evacuarase mediante liña de alta tensión (LAAT 132 kV), que enlaza coa LAT 132 kV que chega desde o parque eólico Cunca, para continuar ata a subestación colectora de Silleda onde se transforma a 400 kV, con punto de acceso á rede na SET Silleda 400 kV, propiedade de REE. Esta solución conxunta de evacuación dos parques eólicos Cunca e Rodeira é obxecto de proxecto independente, actualmente en tramitación.
- No documento ambiental valóranse dúas alternativas que difiren no número, posicións e modelo dos aeroxeradores, sendo elixida a alternativa 2 por minimizar, segundo dos redactores, as afeccións ambientais así como as afeccións ao patrimonio cultural. Cómpre sinalar que a alternativa 1 coincide coa elixida no documento de inicio que ten un aeroxerador máis.
- O acceso producirase desde a estrada PO-205, que une as localidades de Silleda e Vila de Cruces, con desvío no seu PQ 10+660 cara ás poboacións de Susovila e Castrelo, por camiño asfaltado a acondicionar que conduce ao viario interior do parque. Aproveitaranse, dentro do posible, vieiros existentes dentro da poligonal, cun total de 3.336,53 m de vieiros, con 643,16 m de nova creación. A LAT será obxecto dun proxecto independente tamén en trámite.

- En relación co **patrimonio cultural**, o apartado 10 *Elementos do medio*, punto 10.6 *Patrimonio histórico-cultural*, fai referencia á Memoria de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural que recolle os resultados da prospección arqueolóxica e constitúe o anexo III do EIA.

Asemade, este apartado expón brevemente os seus resultados desta prospección, identificando 3 elementos patrimoniais, de carácter arqueolóxico, no entorno máis próximo ao parque. Respecto ao Camiño de Santiago, indícase que a ruta máis próxima discorre a máis de 8 km de distancia.

O apartado 12 *Identificación e valoración de impactos*, punto 12.5.6. *Impacto sobre o patrimonio cultural* remite novamente ao anexo III, no que se indica que coa alternativa seleccionada non resultan afectados elementos patrimoniais nin as súas áreas de protección, e define o impacto global do proxecto como compatible.

O apartado 13 *Medidas protectoras e correctoras*, no punto 13.1.10. *Sobre o patrimonio cultural*, recolle unha serie de medidas de carácter xenérico na fase das obras, que coinciden coas detalladas no devandito anexo III.

- Como **anexo III** achégase a Memoria da *Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do proxecto do parque eólico Rodeira*, asinada en abril de 2021 polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar da empresa ZETA ARQUEOLOXÍA, SL. Segundo este documento foron identificados dentro da poligonal un total de 20 elementos do patrimonio cultural, 3 de carácter arqueolóxico, 11 arquitectónicos e 6 etnolóxicos. Destes elementos, soamente 3 e de carácter arqueolóxico localízanse no ámbito da prospección intensiva (buffer 200 m). Dous deles serían inéditos, localizados durante os traballos de prospección.

Elemento	Axente do Impacto	Impacto	Medidas correctoras
Coto do Castro; Coto da Roda; A Roda do Castro (GA36059026)	Aeroxerador R02 a 260 ao E-SE do ben.	Sen Impacto	Xenéricas. Control e seguimento de obra.
Castelo da Cernada. XAC 01 (Inédito)	Aeroxerador R01 a 360 ao SE do ben.	Sen Impacto	Xenéricas. Control e seguimento de obra.
Túmulo do Couto da Rañoa. Túmulo 01 (Inédito)	Subestación a 931 m ao NE do ben	Sen Impacto	Xenéricas. Control e seguimento de obra.



Non se prevé afección a elementos arquitectónicos ou etnolóxicos, segundo o arqueólogo, e polo tanto non se formulan medidas correctoras específicas ao respecto. No apartado de análise da paisaxe cultural indícase que non se conservan valados tradicionais feitos coa técnica da pedra en seco na zona e faise referencia aos elementos do patrimonio cultural analizados no Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), entre os que destaca o Camiño de Santiago a máis de 8 km de distancia e o Mosteiro de Carboeiro para o que inclúe a análise das conchas visuais realizado.

Como medidas correctoras xenéricas e de carácter xeral propóñense nesta avaliación as seguintes:

- Control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo en fase de replanteo e remoción de terras.
 - Comunicación, ao equipo encargado do control e seguimento, do emprazamento de posibles zonas de acopio ou préstamo, como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto.
 - Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
 - Incorporación dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas nos planos dos responsables de obra.
 - Balizado dos posibles elementos que aparecieran durante as fases de replanteo e construción, sinalización na planimetría de obra, prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións e control e seguimento.
- Como **anexo VIII** inclúese o Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) no que se analiza a concha visual conxunta dos parques eólicos Cunca e Rodeira e se aportan, entre outras, simulacións infográficas desde o ben de interese cultural BIC Mosteiro de San Lorenzo de Carboeiro (Silleda) e a igrexa de Fontao (Vila de Cruces). Conclúese que a visión dos aeroxeradores será de forma atenuada pola distancia, sendo visibles soamente a parte alta dos mesmos, e sen ter en conta posibles obstáculos como as pantallas vexetais e edificacións que actúen a modo de barreiras visuais.

Proxecto de Interese autonómico:

- O proxecto de interese autonómico redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Rodeira.
- Como anexo III do proxecto, extráctanse partes do estudo de impacto ambiental (EIA) entre o que se inclúe a identificación e valoración de impactos ambientais e a formulación das medidas preventivas e correctoras (apartados 12 e 13 do EIA, respectivamente), que fan referencia ao Anexo III do EIA *Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural*.

Unha vez analizado o documento pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- Da análise dos documentos despréndese que o deseño do parque eólico supón unha modificación do presentado no documento de inicio, xa que se reduce o número de aeroxeradores, de 5 a 4, desprázanse as súas posicións cara ao leste e cambiase o seu modelo cun incremento da altura total, que pasaría de 200 a 240 m.
- Co novo deseño do parque, ao desprazarse os aeroxeradores cara ao leste, no entorno do alto de Cal de Castro, afástanse por tanto do BIC Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro e da igrexa de Santiago e poboado mineiro de Fontao, diminuíndo de xeito significativo, a pesar do seu incremento de altura, a afección visual desde estes bens. No anexo VIII Estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) inclúense recreacións infográficas desde o mosteiro e a igrexa, nas que se pode constatar que non serían visibles as máquinas do parque, debido a orografía e o arboredo existente.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o Plan básico autonómico, os visores do Instituto de Estudos do Territorio, e o planeamento municipal, constátase que na zona



de afección do parque eólico existen bens integrantes do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados na *Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural* que constitúe o Anexo III do EIA.

- A revisión da planimetría lidar da zona da poligonal permitiu ao equipo arqueolóxico autor do documento de avaliación de impacto patrimonial identificar dous novos xacementos: o Castelo da Cernada e o Túmulo do Couto da Rañoa. Este último elemento tamén aparece marcado como posible xacemento no artigo Hybrid MSRM-based deep learning and multitemporal Senti-nel-2-based machine learning algorithm detects near 10k ar-chaological tumuli in North-western Iberia. Redactado por Iban Berganzo-Besga, Hector A. Orenge, Felipe Lumbreras, Miguel Carerro-Pazos, João Fonte e Benito Vilas-Estévez publicado en Remote Sensing, Volume 13, no ano 2021. Se ben segundo o estudo ningún dos dous novos elementos vai verse afectado directamente pola obras.

Existen outros puntos marcados como posibles tumulos recollidos no artigo anteriormente citado. Unicamente un deles, o localizado nas coordenadas (EPSG:25829) x= 564.985 y=4.735.139), estaría impactado polo viero que vai en dirección á subestación e ao R04, que está deseñado a 45 metros ao norte do posible xacemento.

O resto de irregularidades captadas polo algoritmo usado neste artigo, dentro da poligonal, quedan situados lonxe da zona de obras.

- Non se teñen entregado fichas de inventario de ningún dos novos xacementos localizados no estudo arqueolóxico.
- Asemade dentro da poligonal, ao sur das infraestruturas do futuro parque, pero a máis de 200 m destas, existe un topónimo Castrelo, que se corresponde cunha pequena aldea nas coordenadas (EPSG:25829) X: 564.894 e Y: 4.734.718.
- Por outra parte, non se concreta no documento o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar ese acceso, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Respecto ao proxecto de interese autonómico, compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EIA.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, infórmanse de xeito **favorable** os documentos "*Estudo de Impacto Ambiental. Parque eólico Rodeira. Agosto 2021*" e "*Proxecto sectorial. Parque eólico Rodeira. Abril 2021*", nos termos municipais de Vila de Cruces e Lalín (Pontevedra), coas medidas correctoras establecidas na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o Anexo III do EIA e debéndose, en todo caso, ter en conta o seguinte:

- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- Con anterioridade ao inicio das obras será necesario enviar un documento no que se valore o interese do punto situado nas coordenadas (EPSG:25829) x= 564.985 y=4.735.139), os resultados acadados tras a revisión deste posible túmulo condicionaran o deseño da gabiá de cableado e do viero nesta zona do parque.



No caso de atoparnos ante unha irregularidade natural non será necesario levar a cabo ningún tipo de cambio, pero, de tratarse dun xacemento arqueolóxico todas as obras previstas nesta zona deberán realizarse ao norte do camiño existente, sen que se excedan os límites marcados pola caixa deste, en dirección sur.

- O resto de posibles túmulos existentes dentro da poligonal, indicados no artigo *Hybrid MSRM-based deep learning and multitemporal Senti-nel-2-based machine learning algorithm detects near 10k ar-chaecological tumuli in North-western Iberia*. Redactado por Iban Berganzo-Besga, Hector A. Orengo, Felipe Lumbreras, Miguel Carerro-Pazos, João Fonte e Benito Vilas-Estévez publicado en Remote Sensing, Volume 13, no ano 2021. Deberán de revisarse durante os traballos de control e seguimento das obras de construción do parque eólico, no caso de tratarse de xacementos arqueolóxicos lémbrese a necesidade de enviar as fichas normalizadas de todos os novos xacementos que se localicen, tal e como se establece na actual lexislación sobre patrimonio cultural.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Respecto do proxecto de interese autonómico

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do Parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse coa totalidade do inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto sobre os mesmos e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios. As modificacións do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Os contornos de protección dos bens arqueolóxicos serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberán referirse as normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Asemade os concellos afectados deberán integrar os novos xacementos arqueolóxicos, unha vez identificados e contrastados, nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

